



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal a instancia da ¼ parte dos concelleiros desta Corporación, que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu o procedemento concluso que se pon á disposición da Alcaldía para convocar ao órgano colexiado (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a Alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal a instancia dunha cuarta parte dos concelleiros desta Corporación para o

Día: xoves 11 de xuño de 2020

Hora: 17:00

Lugar: SALA DE CONFERENCIAS DA CASA DA CULTURA DE CEE (3º andar).

Motivación: Que téndose coñecemento, vía medios de comunicación, da adquisición por parte do Concello dos aparatos de desinfección para loita contra o Covid-19, e considerando que habendo unha comisión con representación de todos os grupos da oposición que non foi convocada para informar e/ou concordar a idoneidade das compras.

coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

1. Estudo e debate de todos os antecedentes e datos que obren no Concello respecto á compra antes mencionada.
2. Solicitud de dos informes de secretaría e intervención ao respecto.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos concelleiros/as a documentación obrante no expediente, que estará a disposición dos concelleiros/as na Secretaría Municipal ou nas Oficinas do Concello durante o horario da xornada laboral.

Cee, luns 8 de xuño de 2020

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

Cee, luns 8 de xuño de 2020

A secretaria, Rocío Hermida Cancela